

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12266 *Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, de medidas urxentes para o impulso do Sistema nacional de garantía xuvenil.*

I

Favorecer a empregabilidade e a inserción dos mozos no mercado de traballo continúa a ser unha das prioridades do Goberno de España, que require a concentración de esforzos significativos a través de políticas públicas específicas e a coordinación de todos os actores que interveñen no Sistema nacional de garantía xuvenil.

Neste contexto, as reformas estruturais que se veñen aplicando en España desde principios de 2012 perseguen catro obxectivos fundamentais: mellorar a empregabilidade dos mozos, aumentar a calidade e estabilidade do emprego, promover a igualdade de oportunidades no acceso ao mercado laboral e fomentar o espírito emprendedor.

En febreiro de 2013 o Consello Europeo decidiu pór en marcha a Iniciativa de emprego xuvenil, no marco financeiro plurianual para o período 2014-2020, cunha dotación de 6.000 millóns de euros para apoiar as medidas establecidas no paquete de emprego xuvenil proposto pola Comisión Europea o 5 de decembro de 2012 e, en particular, a garantía xuvenil.

En abril de 2013 o Consello de Ministros de Emprego, Asuntos Sociais e Consumo da Unión Europea acordou o establecemento dunha garantía xuvenil, recoñecendo con isto a situación particularmente difícil dos mozos europeos.

España foi dos primeiros Estados membros en acollerse a esta iniciativa, para o cal, en decembro de 2013, aprobou o Plan nacional de implantación da garantía xuvenil en España, en coherencia coa Estratexia de emprendemento e emprego xuvenil 2013-2016 e de acordo co marco normativo dos fondos estruturais e de investimento da Unión Europea 2014-2020.

O 17 de decembro de 2013 aprobouse o Regulamento (UE) n.º 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Social Europeo e que derroga o Regulamento (CE) n.º 1081/2006 do Consello, en que se regula especificamente a Iniciativa de emprego xuvenil como instrumento financeiro que apoie a loita contra o desemprego xuvenil nos Estados membros da Unión Europea.

A Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, tomou en consideración as directrices contidas na Recomendación do Consello Europeo do 22 de abril de 2013 e asentou as bases do Sistema nacional de garantía xuvenil.

En xullo de 2015, a disposición derradeira décimo segunda da Lei 25/2015, do 28 de xullo, de mecanismo de segunda oportunidade, redución da carga financeira e outras medidas de orde social, estendeu os beneficios do Sistema nacional de garantía xuvenil aos mozos maiores de 25 anos e menores de 30 mentres a súa taxa de desemprego supere o 20 por cento, segundo a Enquisa de poboación activa correspondente ao último trimestre do ano.

As diferentes administracións públicas involucradas no sistema adoptaron medidas dirixidas a combater o desemprego xuvenil e levaron a cabo actuacións dirixidas a favorecer a intermediación laboral, mellorar a empregabilidade, apoiar a contratación e fomentar o emprendemento. Aínda así, a día de hoxe, a loita contra o desemprego xuvenil ten por diante importantes desafíos que afrontar, polo que se fai necesario destinar recursos específicos aos mozos de forma coordinada con todos os actores que interveñen no sistema.

As medidas implantadas están a dar resultados. Grazas a elas e ao esforzo da sociedade española reduciuse en 15 puntos a taxa de desemprego xuvenil nos últimos

tres anos, 1 de cada 3 mozos que abandona o desemprego na zona euro faino en España, e a contratación indefinida de mozos incrementábase un 30 por cento con respecto a 2011.

Non obstante, o desemprego xuvenil español continúa a ser dos máis altos de Europa, o 46,5 por cento de mozos entre 16 e 24 anos, e o seu descenso mantense como un dos principais desafíos que afrontar, polo que urxe adoptar medidas eficaces para atallalo.

De acordo co disposto no 92.3 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e no artigo 7 do Regulamento (UE, Euratom) n.º 1311/2013 do Consello, do 2 de decembro de 2013, que establece o marco financeiro plurianual para o período 2014-2020, a revisión do marco financeiro plurianual 2014-2020, levada a cabo pola Comisión Europea mediante a súa Comunicación COM(2006) 311 final, do 30 de xuño de 2016, supuxo un incremento de recursos financeiros para España no marco da política de cohesión que, prioritariamente, deberán ser utilizados no ámbito do emprego xuvenil.

Por isto, é importante continuar fortalecendo o Sistema nacional de garantía xuvenil mediante a adopción de medidas dirixidas a mellorar a inscrición e atención no Sistema nacional de garantía xuvenil e incentivar a empregabilidade e a ocupación dos mozos. As melloras implantadas no ficheiro redundarán en beneficio do sistema, xa que, ademais de lista única de demanda e soporte para a inscrición, o ficheiro é ferramenta esencial para o seguimento das accións e programas e a avaliación dos resultados atinxidos.

II

Este real decreto lei estrutúrase en dous capítulos, integrados por tres artigos, unha disposición transitoria e tres disposicións derradeiras.

O primeiro capítulo introduce modificacións significativas á Lei 18/2014, do 15 de outubro, que favorecerán o acceso e a inscrición de mozos no Sistema nacional de garantía xuvenil, e que mellorarán a xestión e eficacia do sistema. As medidas deste capítulo contribuirán, ademais, a facer un uso pleno e óptimo dos instrumentos de financiamento da política de cohesión.

En primeiro lugar, simplifícanse os requisitos que se fixaban para poder ser beneficiario do Sistema nacional de garantía xuvenil, respectando en todo caso os requirimentos derivados da normativa comunitaria.

En segundo lugar, permítese que todas as entidades participantes no Sistema nacional de garantía xuvenil poidan establecer procedementos específicos, de conformidade co Ministerio de Emprego e Seguridade Social, para a inscrición dos mozos no ficheiro único do Sistema nacional de garantía xuvenil.

En terceiro lugar, posibilitábase que todos os mozos inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de Emprego, que cumpran cos requisitos da garantía xuvenil, sexan inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil, mesmo con efectos retroactivos, no caso de que tivesen participado ou estean a participar nalguna das actuacións previstas polo sistema.

Ademais, prevese a participación dos interlocutores sociais no procedemento de inscrición dos mozos e na Comisión Delegada de Seguimento e Avaliación do Sistema nacional de garantía xuvenil, o que permitirá que os interlocutores sociais participen activamente en todos os niveis do sistema. Á Comisión Delegada tamén se incorporan o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, no entendemento de que as solucións á garantía xuvenil deben vir do traballo conxunto dos ámbitos de emprego, educación, servizos sociais e xuventude.

O segundo capítulo establece a conversión de reducións á cotización á Seguridade Social en bonificacións, con cargo ao orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal, cando se trate de medidas en beneficio de mozos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil. Para isto, introduce modificacións na Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, e na Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

III

No presente real decreto lei concorre a circunstancia da extraordinaria e urxente necesidade exixida polo artigo 86 da Constitución española por distintas razóns.

En primeiro lugar, a loita contra o desemprego xuvenil e a adopción de medidas encamiñadas a mellorar a situación dos mozos desempregados sempre deben ser consideradas urxentes e necesarias. A pesar da paulatina diminución experimentada pola taxa de desemprego xuvenil nos últimos anos, a aínda elevada porcentaxe de desemprego xuvenil fai necesaria a adopción de melloras urxentes no Sistema nacional de garantía xuvenil.

A exigua lexislatura pasada e o ano de Goberno en funcións impediron adoptar medidas legislativas de reformas do sistema e dispor do tempo necesario para a tramitación ordinaria das modificacións legais previstas neste real decreto lei.

As modificacións ao Sistema nacional de garantía xuvenil recollidas no capítulo I permitirán, de maneira inmediata, que un maior número de mozos teñan acceso ás oportunidades da garantía xuvenil e o Goberno debe, por tanto, facilitar isto sen demora. A urxencia das medidas xustifícase pola necesidade de que a mellora da xestión administrativa do sistema redunde nunha adecuada utilización orzamentaria dos fondos procedentes da Iniciativa de emprego xuvenil e do Fondo Social Europeo dentro dos prazos de execución establecidos pola normativa da Unión Europea.

Pola súa parte, a conversión de reducións en bonificacións contribuirá non só á continuidade destas medidas de fomento á contratación senón tamén, de maneira inmediata, á sustentabilidade de noso sistema de protección social.

Trátase, en consecuencia, de pór en marcha unha serie de medidas cuxa necesidade é extraordinaria, segundo os datos de emprego neste grupo de poboación, e urxente, pola celeridade con que se debe reforzar o Sistema nacional de garantía xuvenil para mellorar a efectividade na loita contra o desemprego xuvenil.

En segundo lugar, concorre a extraordinaria e urxente necesidade mencionada no artigo 86 da Constitución española debido a que en poucos días concluirá o exercicio económico 2016 e resulta imprescindible comezar a pór en funcionamento as medidas recollidas neste real decreto lei o antes posible, dentro do ano 2016, para que poida ter lugar un adecuado aproveitamento dos fondos adicionais da Unión Europea que se xeraron en virtude do reaxuste do marco financeiro plurianual establecido pola Comunicación da Comisión COM (2016) 311 final, do 30 de xuño de 2016.

As medidas aprobadas no presente real decreto lei foron aprobadas por unanimidade na reunión da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais celebrada o día 19 de xaneiro de 2016, e debatidas e acordadas no seo do diálogo social cos interlocutores sociais.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de decembro de 2016,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Sistema nacional de garantía xuvenil

Artigo 1. *Modificación da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.*

A Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficacia, queda modificada da seguinte maneira:

Un. O artigo 88 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 88. *Ámbito de aplicación.*

Os suxeitos que participan no Sistema nacional de garantía xuvenil son os seguintes:

- a) A Administración xeral do Estado, así como as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes dela, cada unha no ámbito das súas competencias.
- b) As administracións das comunidades autónomas, así como as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas, cada unha no ámbito das súas competencias.
- c) As entidades que integran a Administración local, así como as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas, cada unha no ámbito das súas competencias.
- d) Os interlocutores sociais e entidades que actúen no ámbito privado.
- e) Os mozos maiores de 16 anos e menores de 25, ou menores de 30 anos no caso de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, que cumpran os requisitos recollidos nesta lei para beneficiarse dunha acción derivada do Sistema nacional de garantía xuvenil.

Así mesmo, os mozos maiores de 25 anos e menores de 30 que cumpran os requisitos recollidos nesta lei para beneficiarse dunha acción derivada do Sistema nacional de garantía xuvenil, até que a taxa de desemprego deste colectivo se sitúe por baixo do 20 por cento, segundo a Enquisa de poboación activa correspondente ao último trimestre do ano.»

Dous. A alínea a) do artigo 90.1 queda redactada nos seguintes termos:

«a) Que todos os mozos a que se refire o artigo 88.e), non ocupados nin integrados nos sistemas de educación ou formación, poidan recibir unha oferta de emprego, educación ou formación, incluída a formación de aprendiz ou período de prácticas, despois de acabaren a educación formal ou quedaren desempregados, a través da implantación dun sistema de garantía xuvenil que será desenvolvido nos seus respectivos marcos competenciais polas entidades a que se refiren as alíneas a), b), c) e d) do artigo 88.

A atención poderase prestar aos mozos que cumpran os requisitos establecidos no artigo 97, con independencia da súa inscrición ou non como demandantes de emprego, e vincularase á realización dun perfil coas características da persoa que se atenda.»

Tres. Os números 4, 5 e 6 do artigo 92 quedan redactados nos seguintes termos:

«4. Contra as resolucións do órgano responsable do ficheiro poderase interpor recurso de alzada ante a Secretaría de Estado de Emprego, na forma e nos prazos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. Adicionalmente, os suxeitos determinados nas letras a), b), c) e d) do artigo 88 poderán, no ámbito das súas competencias, utilizar a información dispoñible nos seus ficheiros específicos para facilitar a inscrición e tratamento da información no Sistema nacional de garantía xuvenil, sempre que cumpran os requisitos establecidos na presente sección. Estes ficheiros conterán, en todo caso, o conxunto de datos indicados no artigo 95, sen prexuízo das especificacións adicionais que poida requirir o titular do ficheiro.

Os ficheiros específicos a que se refire o parágrafo anterior, así como o acceso a eles, quedarán suxeitos ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Con independencia do ficheiro empregado para a introdución da información, os datos rexistrados serán custodiados nun único sistema informático, no cal se depositará a información xerada e que permitirá a integración con outros sistemas para garantir o cumprimento do previsto no artigo 91.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social establecerá o mecanismo para dar cumprimento ao establecido no parágrafo anterior.

6. As entidades e suxeitos a que se refiren as alíneas a), b), c) e d) do artigo 88 accederán ao ficheiro e disporán da información necesaria, para os efectos de poderen desenvolver as accións necesarias derivadas do Sistema nacional de garantía xuvenil.»

Catro. As alíneas a), e) e f) do artigo 93 quedan redactadas nos seguintes termos:

«a) Servir de soporte, no seu ámbito de aplicación, para a conservación e acceso, por parte das entidades a que se refiren as alíneas a), b), c) e d) do artigo 88, aos datos das persoas usuarias inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.»

«e) Contar cun perfil básico de cada mozo rexistrado, que poderá ser complementado polas entidades a que se refiren as alíneas a), b), c) e d) do artigo 88, conforme a avaliación dos atributos definidos a nivel de cada acción ou medida do Catálogo único de actuacións desenvolvido no Plan nacional de implantación da garantía xuvenil.»

«f) Facilitar aos suxeitos determinados nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88, como entes que desenvolverán a atención aos usuarios beneficiarios do Sistema nacional de garantía xuvenil, a información necesaria para a elaboración dos itinerarios e a comprobación do cumprimento dos requisitos exixibles de conformidade co contido das convocatorias e das accións que poidan desenvolver.»

Cinco. Os números 1 e 2 do artigo 94 quedan redactados nos seguintes termos:

«1. O ficheiro implantarase en soporte electrónico e o seu deseño e estrutura permitirán ás entidades a que se refiren as alíneas a), b), c) e d) do artigo 88 dispor da información necesaria para levar a cabo e xustificar as actuacións que realicen no ámbito do Sistema nacional de garantía xuvenil. Así mesmo, permitirá a súa consulta por medios electrónicos.

2. De conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as comunicacións das entidades descritas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88 co ficheiro realizaranse obrigatoriamente por medios electrónicos.»

Seis. As alíneas a) e g) do artigo 95.1 quedan redactadas nos seguintes termos:

«a) Autorización de cesión e consulta de datos persoais, por parte das persoas e entidades establecidas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88.»

«g) Declaración responsable das persoas usuarias inscritas pola que se declara a certeza dos datos facilitados e se subscribe un compromiso de participación activa para lograr a maior efectividade do sistema. No caso dos demandantes de emprego bastará coa súa inscrición nos servizos públicos de Emprego.»

Sete. O artigo 96 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 96. *Obxecto da inscrición.*

Para beneficiarse dunha acción derivada do marco da garantía xuvenil será necesario inscribirse co obxectivo de que os suxeitos determinados nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88 poidan identificar as persoas interesadas que reúnen os requisitos que se establecen na presente lei, así como, con carácter previo á

atención, permitir recoller as súas características persoais, educativas, formativas, de experiencia laboral, entre outras, que resultan relevantes para a dita atención.»

Oito. O artigo 97 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 97. *Requisitos para a inscrición.*

Establécense os seguintes requisitos para inscribirse no Sistema nacional de garantía xuvenil:

a) Ter nacionalidade española ou ser cidadáns da Unión Europea ou dos Estados parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou Suíza que se encontren en España en exercicio da libre circulación e residencia.

Tamén se poderán inscribir os estranxeiros titulares dunha autorización para residir en territorio español que habilite para traballar.

b) Estar empadroado en calquera localidade do territorio español.

c) Ter máis de 16 anos e menos de 25, ou menos de 30 anos, no caso de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, no momento de solicitar a inscrición no Sistema nacional de garantía xuvenil, ou ter máis de 25 anos e menos de 30 cando, no momento de solicitar a inscrición no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, a taxa de desemprego deste colectivo sexa igual ou superior ao 20 por cento, segundo a Enquisa de poboación activa correspondente ao último trimestre do ano.

d) Non ter traballado no día natural anterior á data de presentación da solicitude.

e) Non ter recibido accións educativas no día natural anterior á data de presentación da solicitude.

f) Non ter recibido accións formativas no día natural anterior á data de presentación da solicitude.

g) Presentar unha declaración expresa de ter interese en participar no Sistema nacional de garantía xuvenil, co que se adquire un compromiso de participación activa nas actuacións que se desenvolvan no marco da garantía xuvenil. No caso dos demandantes de emprego bastará coa súa inscrición nos servizos públicos de Emprego.»

Nove. Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 98 e engádesse un novo número 5, pasando o actual número 5 a ser o número 6, coa seguinte redacción:

«3. Para os supostos de persoas en risco de exclusión social, debidamente acreditadas mediante certificado dos servizos sociais pertinentes, e/ou discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 por cento, poderase solicitar a inscrición de forma non telemática mediante a presentación do formulario habilitado para tal propósito polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social nas oficinas de rexistro da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas e das entidades establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Adicionalmente, os suxeitos determinados nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88, de conformidade co Ministerio de Emprego e Seguridade Social, poderán implantar, no ámbito das súas competencias, mecanismos específicos para a inscrición. En todo caso, establécense como requisitos para a inscrición os recollidos no artigo 97.

Con independencia do procedemento de inscrición empregado para a introdución da información inicial, os datos rexistrados serán custodiados nun único sistema informático, no cal se depositará a información xerada e que permitirá a integración co resto dos sistemas.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social establecerá o mecanismo para dar cumprimento ao establecido en parágrafo anterior.

5. A inscrición ou renovación como demandante de emprego nun servizo público de Emprego implica a inscrición no Sistema nacional de garantía xuvenil se se cumpren os requisitos recollidos no artigo 97. A data de inscrición no Sistema corresponderá coa data de inscrición ou de renovación como demandante de emprego.

Para estes efectos, considerarase que se cumpre co requisito establecido na alínea g) do artigo 97 no momento en que se tivese procedido á inscrición como demandante de emprego.

Adicionalmente, os servizos públicos de Emprego poderán solicitar a inscrición no Sistema nacional de garantía xuvenil daquelas persoas inscritas como demandantes de emprego, desde o 1 de setembro de 2013 até a entrada en vigor desta norma, que tivesen participado nalgunha das accións recollidas no artigo 106 e, ao inicio da acción, cumpren os requisitos recollidos no artigo 105. Neste caso, a data de inscrición corresponderá coa data de inicio da acción. Así mesmo, os servizos públicos de Emprego informarán desta circunstancia a persoa interesada para que poida exercer os seus dereitos de acceso, modificación, cancelación e oposición.

6. Unha vez comprobado que o solicitante reúne os requisitos básicos da garantía xuvenil recollidos no artigo 97, resolverase a súa solicitude coa inscrición no ficheiro habilitado, o que se comunicará ao interesado. En caso contrario, desestimarase a súa solicitude e comunicárase esta circunstancia.

Se mediante a solicitude de inscrición a través de formulario non se acreditan os requisitos que sinala o artigo 97, requirirase a persoa interesada para que proceda á súa emenda.

A Dirección Xeral do Ministerio de Emprego e Seguridade Social que teña atribuídas as competencias para a administración do Fondo Social Europeo será o órgano encargado de resolver acerca da inscrición no ficheiro habilitado.

A inscrición no ficheiro pon fin ao procedemento de inscrición no Sistema nacional de garantía xuvenil. Contra as resolucións do órgano responsable do ficheiro poderase interpor recurso de alzada ante a Secretaría de Estado de Emprego, na forma e nos prazos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.»

Dez. O artigo 99 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 99. *Lista única de demanda.*

1. As persoas interesadas na atención do Sistema nacional de garantía xuvenil, inscritas no ficheiro creado para o efecto, pasarán a constituír unha lista única de demanda ao dispor dos suxeitos incluídos nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88, que se deberán identificar polos mecanismos oportunos de maneira que se garanta que as súas actuacións se realizan no marco de garantía xuvenil e de conformidade co establecido nesta norma.

2. A lista única será tratada e ordenada polos suxeitos incluídos nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88, os cales empregarán eses datos de acordo cos seus criterios de selección e/ou coas normas que regulen as súas propias convocatorias ou accións no desenvolvemento dos obxectivos expostos no artigo 90.

3. O tratamento e ordenación da lista única de demanda do Sistema nacional de garantía xuvenil ten por obxecto a identificación das persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil que cumpren os requisitos establecidos polos suxeitos incluídos nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88, e é responsabilidade deles a selección de beneficiarios e a integración da información xerada, para a actualización do sistema.»

Once. O número 2 do artigo 100 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Cada un dos suxeitos a que se refiren as alíneas a), b), c) e d) do artigo 88 e o artigo 92 levará a cabo a comprobación da veracidade dos datos que consten no seu poder antes de remitilos ao ficheiro.»

Doce. Os números 2 e 3 e o primeiro parágrafo do número 4 do artigo 101 quedan redactados nos seguintes termos:

«2. O usuario inscrito no sistema pode, en calquera momento, darse de baixa e con este acto desiste de participar no Sistema nacional de garantía xuvenil a partir da data de baixa no ficheiro.

3. Adicionalmente, os suxeitos mencionados nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88 que establecesen ficheiros propios deberán implantar, no ámbito das súas competencias, mecanismos específicos para que os usuarios inscritos poidan tramitar a súa baixa no sistema.

Con independencia de tales procedementos de baixa, os datos serán custodiados nun único sistema informático, no cal se depositará a información xerada e que permitirá a integración con outros sistemas.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social establecerá o mecanismo para dar cumprimento ao establecido neste número.»

«4. A baixa no sistema producirase de oficio cando un usuario inscrito cumpra a idade límite aplicable no momento da súa inscrición, de conformidade co artigo 97.c), e fose atendido previamente con algunha das medidas implantadas polos suxeitos incluídos nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88.»

Trece. O artigo 102 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 102. *Acceso, rectificación, cancelación e oposición.*

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a dirección xeral do Ministerio de Emprego e Seguridade Social que teña atribuída a competencia para a administración do Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no título III do Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

Adicionalmente, os suxeitos mencionados nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88 que establecesen ficheiros propios deberán implantar, no ámbito das súas competencias, mecanismos específicos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos mesmos termos a que se refire o parágrafo anterior.

En todo caso, o tratamento dos datos contidos nos ficheiros a que se refire o parágrafo anterior, así como o acceso a eles, quedará suxeito ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e nas súas disposicións de desenvolvemento.»

Catorce. O artigo 103 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 103. *Cesión de datos.*

1. A inscrición a través dos procedementos establecidos no artigo 98 leva unida a autorización do intercambio e a cesión dos seus datos persoais entre os suxeitos mencionados nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88.

2. A cesión de datos deberase facer coas garantías e nas condicións establecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e nas demais disposicións reguladoras da materia.

3. O soporte, formato e outras características do intercambio de datos serán determinados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social, despois de consultar o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e as partes responsables do desenvolvemento de actuacións dentro do Sistema nacional de garantía xuvenil.»

Quince. Os números 1, 2 e 5 do artigo 105 quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Para ser beneficiario das medidas ou accións previstas no artigo 106 será necesaria a inscrición e inclusión na lista única de demanda, o cumprimento dos requisitos específicos exixidos nas convocatorias ou nas accións que desenvolva calquera dos suxeitos incluídos nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88.

Transcorridos catro meses desde a data de inscrición no Sistema nacional de garantía xuvenil, deberase comprobar, con carácter previo a prestar calquera tipo de atención, que se seguen a cumprir os requisitos que permitiron a inscrición do mozo, isto é:

- a) Non ter traballado no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
- b) Non ter recibido accións educativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
- c) Non ter recibido accións formativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.

Os requisitos previstos nas alíneas b) e c) do presente número non serán de aplicación para o desfrute das medidas previstas nas alíneas c) e d) do artigo 106, así como dos incentivos previstos nos artigos 107, 108 e 109.

No suposto de persoas beneficiarias dalgunha medida ou acción das previstas no artigo 106 que, en 1 de xaneiro de 2017, non estiveren inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, terase en conta o establecido no punto quinto do artigo 98.

2. O desenvolvemento do proceso de atención a partir da lista única de demanda será realizado, no ámbito das súas competencias, por parte dos suxeitos incluídos nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88.»

«5. Considerarase como atendido todo suxeito que, cumprindo os requisitos descritos no número 1, aceptase ser beneficiario e reciba calquera das actuacións que se desenvolvan. No suposto de rexeitamento da proposta de actuación ofrecida, os suxeitos incluídos nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88 avaliarán a situación e determinarán a conveniencia de ofrecer outras actuacións a aqueles suxeitos que, tendo sido considerados como beneficiarios, non cumpren o requisito de participación activa.»

Dezaseis. O artigo 112 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 112. *Coordinación e seguimento.*

a) A coordinación de actuacións e o seguimento da implantación e desenvolvemento do Sistema nacional de garantía xuvenil levarase a cabo no ámbito da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais a través dunha comisión delegada de seguimento e avaliación do Sistema nacional de garantía xuvenil.

A dita comisión terá atribuídas competencias de coordinación e soporte, así como de control das actividades que se deben desenvolver para a execución do Sistema nacional de garantía xuvenil. Poderá crear e desenvolver os grupos de traballo específicos que considere necesarios para o desempeño das competencias citadas.

A comisión estará integrada por un máximo de tres representantes de cada unha das comunidades autónomas participantes na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais de entre os ámbitos de emprego, educación, servizos

sociais e/ou xuventude, así como polos organismos intermedios do Fondo Social Europeo das comunidades autónomas e polos interlocutores sociais. Igualmente, formarán parte da comisión aqueles membros que designe o Ministerio de Emprego e Seguridade Social no ámbito da dirección xeral que teña atribuídas as competencias para a administración do Fondo Social Europeo e no ámbito do Servizo Público de Emprego Estatal, un representante do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, un representante do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, así como calquera outro membro que resulte competente por razón da materia.

Sen prexuízo do anterior, poderá formar parte da comisión calquera outro suxeito distinto dos indicados cando así se acorde no seo da comisión, co alcance e representatividade que esta dispoña.

Presidirá a comisión o titular da Secretaría de Estado de Emprego do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e, na súa falta, o titular da dirección xeral que teña atribuídas as competencias para a administración do Fondo Social Europeo.

A comisión reunirse cunha periodicidade, ao menos, trimestral.

b) Adicionalmente, as comunidades autónomas poderán implantar, no ámbito das súas competencias, mecanismos de coordinación para coñecer as actuacións que os suxeitos mencionados nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 88 están a levar a cabo no seu territorio. O Ministerio de Emprego e Seguridade Social designará un representante para tal efecto.»

Dezasete. O número 1 do artigo 113 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os procedementos regulados no capítulo I do título IV desta lei rexeranse, en primeiro termo, polos preceptos contidos nela e, se for o caso, nas súas normas de desenvolvemento e, subsidiariamente, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normas complementarias.»

CAPÍTULO II

Conversión de reducións en bonificacións de mozos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil

Artigo 2. Modificación da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

Con efectos do 1 de xaneiro de 2017, engádese un novo número 6 ao artigo 31 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, coa seguinte redacción:

«6. Os beneficios nas cotizacións previstos neste artigo consistirán nunha bonificación no suposto de traballadores por conta propia ou autónomos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil que cumpran os requisitos establecidos no artigo 105 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, bonificación que se aplicará nos mesmos termos que os incentivos previstos no número 1 e con dereito, así mesmo, á bonificación adicional prevista no número 2.»

Artigo 3. Modificación da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

Con efectos do 1 de xaneiro de 2017, engádese un novo número 5 ao artigo 3 da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, coa seguinte redacción:

«5. Os beneficios nas cotizacións á Seguridade Social a cargo das empresas previstas neste artigo consistirán nunha bonificación cando a contratación se

produza con traballadores inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil que cumpran os requisitos establecidos no artigo 105 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, bonificación que se aplicará nos mesmos termos que as reducións previstas nos números anteriores.»

Disposición transitoria única. *Conversión de reducións en bonificacións.*

As reducións que, de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, e no artigo 3 da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, se viñesen desfrutando con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2017 pasarán, a partir desta data, a ter a natureza de bonificacións nas cotizacións sociais no caso de traballadores inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil que cumpran os requisitos establecidos no artigo 105 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, sen que disto deriven efectos para os empresarios que viñesen desfrutando delas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.^a, 13.^a e 17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as materias de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas; sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; e sobre o réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Emprego e Seguridade Social para ditar as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei.

Así mesmo, facúltase a persoa titular da dirección xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas resolucións sexan precisas para a aplicación deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2016.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY